



RESOLUCIÓN

Expediente núm.: 6788/2022

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Mediante Decreto da Alcaldía núm. 2022-2293 de data 13 de decembro de 2022 aprobouse a convocatoria e as bases do proceso de selección dunha (1) praza de persoal laboral fixo, Psicólogo/a-Director/a C.I.M., categoría Psicólogo/a, Grupo I, no marco do proceso de estabilización de emprego da Lei 20/2021.

As bases publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 27/12/2022 e o seu extracto no DOGA e no BOE do 30/12/2022.

Rematado o proceso selectivo o Tribunal Cualificador publicou na Sede Electrónica do Concello de Cangas e na páxina web municipal a proposta de contratación.

Por todo o exposto e de conformidade con el artículo 21.1.h) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Régimen Local,

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Aprobar a proposta do Tribunal Cualificador respecto da contratación como persoal laboral fixo á candidata PAULA TENORIO GONZÁLEZ con DNI n.º ***38944* para ocupar a praza de persoal laboral fixo Psicólogo/a-Director/a C.I.M., categoría Psicólogo/a, Grupo I.

SEGUNDO. Notificar a presente resolución á candidata proposta para a formalización do contrato no prazo dun mes a partir da publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, previa presentación da documentación acreditativa dos requisitos establecidos na base sexta.

No caso de que a candidata proposta estea en situación de incapacidade temporal, o prazo para a formalización do contrato comezará a partir do día seguinte hábil á data de finalización da baixa médica, que deberá acreditar. Quedan exceptuados do disposto neste parágrafo as situacións derivadas da maternidade ou paternidade, que poderán tomar posesión durante esta situación.

TERCEIRO. Publicar a contratación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Anuncios municipal (físico e electrónico) así como na páxina web e no Portal de Transparencia deste Concello.





CUARTO. Comunicar aos Departamentos municipais de Persoal, Intervención, Tesourería, Comité de Empresa e Xunta de Persoal aos efectos oportunos.

RECURSOS/ALEGACIONES

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer un dos seguintes recursos:

- a) Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra ou, a súa elección, o que corresponda ao seu domicilio se este radica en Galicia, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

